

MOCIÓN SOBRE ACTUACIÓNS A DESENVOLVER NO ÁMBITO DO MONTE PEDROSO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vanse cumprir dous anos desde que o Pleno municipal aprobara, en xuño de 2016, unha iniciativa para afrontar distintas melloras no contorno do Monte Pedroso, un espazo emblemático para a calidade ambiental da cidade, miradoiro e punto estratéxico para a práctica deportiva e o lecer en contacto coa natureza.

A pesar do tempo transcorrido e da doada asunción das actuacións acordadas, a maioría delas non se teñen cumprido: nin a construción dos 250 metros de senda peonil branda que faltan para completar o itinerario desde o centro da cidade ata a Granxa do Xesto; nin a adecuación do camiño principal da Selva Negra –hoxe moi estragado, sobre todo no tramo máis elevado- e nada se sabe da elaboración do estudo e posterior execución das actuacións necesarias para a recuperación e sinalización do itinerario do Vía Crucis centenario que discorre desde as proximidades de Santa Isabel ata o cume do Pedroso.

A estas eivas sen atender, hoxe cómpre engadir unha nova. Porque, cando se adoptou o acordo para as melloras no Pedroso, aínda estaba en servizo a cafetería da Granxa do Xesto que daquela cumpría doce anos desde a súa apertura ao público. Desde outubro de 2016 a cafetería permanece pechada. Despois de varios meses para a licitación da concesión, ao concurso –limitado en exclusiva a centros especiais de emprego e empresas de inclusión- non se presentaron ofertas, declarándose deserto a finais do verán de 2017, sen que se teña aberto un novo procedemento que modifique as condicións na procura da desexable recuperación deste servizo, que ademais da cafetería inclúe a apertura e atención dos baños públicos que se integran na mesma instalación e que como a propia cafetería levan oito meses pechados.

Avanzada xa a temporada de primavera e ante a urxencia de actuar para mellorar as condicións deste importante espazo, referente para a cidadanía de moitas actividades vinculadas ao aire libre, e patrimonio natural de incalculable valor, o Grupo Municipal propón a adopción do seguinte




ACORDO

O Pleno municipal insta ao correspondente órgano do Concello a que, coa máxima dilixencia, se acometan as seguintes actuacións:

- 1. A construción dunha senda branda duns 250 metros para completar o itinerario peonil entre o centro da cidade e a Granxa do Xesto; o acondicionamento do camiño principal da Selva Negra; e a redacción e execución –por medios propios ou coa colaboración do Consorcio da Cidade de Santiago- dun proxecto para a recuperación e sinalización do Vía Crucis e o itinerario que marca desde a zona de Santa Isabel ata o cume do Pedroso. Todo iso, conforme, ao acordo plenario acadado en xuño de 2016.***
- 2. O remate dos novos pregos e a licitación do servizo de cafetería na área da Granxa do Xesto, coa intención de que poida abrirse ao público á maior brevidade posible.***

Santiago de Compostela, a 3 de maio de 2018



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular